

EMBARCA CARA AO NOSO MAR

das coleccións de Arte ABANCA e Afundación

Reto mariñeiro III (7 a 13 anos)



//Afundación

Obra Social ABANCA

Empecemos grumete!

Necesitamos alguien que capitanee o noso barco con valentía.


Pon a túa foto ou pinta un retrato mariñeiro.



Nesta ocasión, queremos navegar moi preto da costa, mais unha embarcación moi grande non pode facer iso, pode chocar contra as rochas e encallar. Se queremos coñecer os nosos mares e cantís, necesitamos unha embarcación máis pequena e algo máis...

Une os puntos e verás o que necesitarás...

Ponlle nome, non o esquezas:



Parada 1

Atracamos o noso barco nas costas de Lugo, e cunha pequena embarcación e un traxe de mergullo decidímonos a explorar a costa. Damos unha volta e esculcamos pola **VISITA VIRTUAL de Agalería**.



Parada 2:

Remando e remando, dámonos conta de que o vento sopra cada vez máis forte. Parece obra do pirata Drake. Un golpe de mar achéganos perigosamente aos cantís...

Velos desde a embarcación dá un pouco de medo, as rochas están demasiado preto e, por enriba, sopra un forte vento. O mar está moi revoltado e a espuma das ondas asolaga a nosa embarcación. Que perigo!



A solución a esta situación é entrar no mar virtual da exposición e viaxar polas obras de arte, seguro que desde aí será moito máis doado brincar dos mares máis bravos aos máis tranquilos.

Busca na visita virtual unha obra co mar embravecido, a obra dun artista chamado Germán Taibo. Como se titula?

Agora amplía a obra co rato. Como está pintada?

- Cunha pincelada pastosa e grande
- Cunha pincelada invisible
- Non é pintura, é unha foto

É o momento de saltar dos bravos cantís aos mares máis tranquilos. Busca a obra dun tal Tino Grandío. Como é a pincelada aquí?

- Pastosa e grande
- Invisible e augada
- Non é pintura, é unha foto

Sabes como se chaman as obras onde se ven paisaxes de mar?

- Naturezas mortas ou bodegóns
- Paisaxes urbanas
- Mariñas

Deixamos os perigosos cantís e por fin podemos navegar por augas tranquilas...




Parada 3:

Os ventos empuxáronnos tan, tan forte que nin nos demos conta de que avanzamos ata a ría de Ferrol... Un momento! A auga ábrese e tráganos cara a dentro... SOCORRO!

O buraco da auga envíanos ao fondo, sorte que temos unha botella de osíxeno e o equipamento para poder mergullar...

Une os puntos e verás o que provoca este buraco na auga...




Chegamos á ría de Ferrol. Mais que é unha ría? Fíxate nas imaxes e sinala a resposta correcta.

- Un pedazo do mar que se mete na terra pola forma que esta ten.



- Corpo de auga xeralmente doce, que se atopa separado do mar.



- Fonte de auga doce que desemboca no mar.



Busca na exposición a imaxe dos fondos mariños que aparecen nesta páxina, así podes ampliála.



Quen a pintou? _____

Como se titula? _____

Que cousas hai debaixo da auga nas nosas costas?

Atrévete a escribires unha pequena historia sobre por que acabaron todas esas cousas debaixo do mar?

Atrévete e compártea connosco en areaeducativa@afundacion.org

Os nosos coñecementos sobre xeografía e o noso relato mariño fan que esta balea nos lance de novo á superficie. Agora que perdemos o noso pequeno bote, debemos buscar o noso barco... mais a balea dinos...

***Se ao voso barco queredes regresar,
os enigmas do pirata deberedes adiviñar.***

Parada 4: El temido pirata Drake

O temido pirata ten a clave para que poidamos regresar ao barco.

Ola! Son Sir Francis Drake. Son o pirata inglés que por orde da Raíña de Inglaterra, no século XVI, se instalou nas costas de Galicia para acabar coas xentes do mar, afundir barcos e así amolar a España.

Sodes unhas nenas e nenos bastante difíciles de amolar, mais esta vez o meu enigma non poderedes adiviñar e ao voso barco non poderedes regresar. Ha, ha, ha!



ENIGMA

Xa que demostrastes ser tan bos e boas mariñeiras, buscade na exposición as seguintes obras, e anotade a cor do mar:

Efecto de luz en Chapela de M. Abelenda MAR COR: _____

Paisaxe de Lodeiro MAR COR: _____

Paisaxe coas Illas Cíes de Urbano Lugrís MAR COR: _____

Venecia de Antón Sobral MAR COR: _____

¿Por qué cambia de color el mar?

- Porque las y los artistas no saben de colores.
- El mar cambia de color según lo que haya en el fondo marino.
- El mar absorbe la luz y refleja lo que hay en el cielo.

Cóntanolo en areaeducativa@afundacion.org




Bo traballo!

O enigma logramos pescudar e no barco estamos xa.

**Vaía, vaía! Nunca deixades de acertar.
Como premio, este mapa con compás vouvos regalar...**

Credes que este compás é fiable? Que lle falla a este compás?
Tacha e corrixe o que creas que está mal.



Unha vez nos orientamos, por fin podemos descansar... Empapámonos, esta vez estivemos a piques de non volver navegar. Para que isto non suceda, un compás imos crear... E con obxectos caseiros!

Pica aquí para veres algunhas ideas e saber como.



Cuéntanoslo todo en areaeducativa@afundacion.org

SOLUCIÓNS

Busca na visita virtual unha obra co mar embravecido, a obra dun artista chamado Germán Taibo. Como se titula? **Costa da Belle ile**

Agora amplía a obra co rato. Como está pintada?

Cunha pincelada pastosa e grande

É o momento de saltar dos bravos cantís aos mares máis tranquilos. Busca a obra dun tal Tino Grandío. Como é a pincelada desta obra?

Invisible e augada

Sabes como se chaman as obras onde se ven paisaxes de mar?

Mariñas

Chegamos á ría de Ferrol. Mais que é unha ría? Fíxate nas imaxes e sinala a resposta correcta.

Un pedazo do mar que se mete na terra pola forma que esta ten.

Busca na exposición a imaxe dos fondos mariños que aparecen nesta páxina, así podes ampliála. Quen a pintou? Como se titula?

Templo mergullado de Urbano Lugrís.

Que cousas hai debaixo da auga nas nosas costas? **Un edificio en ruínas, barcos afundidos,...**

ENIGMA

Xa que demostrastes ser tan bos e boas mariñeiras, buscade na exposición as seguintes obras, e anotade a cor do mar:

Efecto de luz en Chapela de M. Abelenda MAR COR: **Violeta**

Paisaxe de Lodeiro MAR COR: **Verde**

Paisaxe coas Illas Cíes de Urbano Lugrís MAR COR: **Azul**


Venecia de Antón Sobral MAR COR: **Negro e gris**

Por que cambia de cor o mar?

O mar absorbe a luz e reflicte o que hai no ceo.

Crede que este compás é fiable? Que lle falla a este compás?

O compás está mal.



//Fundación

Obra Social ABANCA